

MÁIS QUE NADAL!

Este proxecto, une diversos centros de diferentes cidades europeas, para lograr coñecer os costumes de cada lugar sobre o Nadal. Este ano participamos cinco centros escolares e aprendemos as tradicións de outros lugares, que por moi raro que nos pareza, son moi diferentes as nosas.

Vou comezar explicando a miña contribución:

1. Publiquei un traballo en inglés, sobre unha tradición galega chamada: “O apalpador de barrigas”.
2. Tamén contribuíñ preparando e publicando postais feitas por compañeiros de 1ºSMR, utilizando o programa GIMP, para que todos os visitantes da páxina web poidan velas (esas postais tamén participaron nun concurso do EDLG do noso centro). Utilicei código CSS para colocar as imaxes e resaltalas ao pasar o punteiro do rato.
3. Enviei varias postais por correo ordinario aos centros participantes no proxecto.

Por parte dos nosos compañeiros de Holanda, chegounos unha presentación con imaxes sobre como ían preparando o Nadal. Comezaron facendo as típicas postais, incluíndoas nun concurso remunerado con premios para as mellores, representando eles mesmos escenas do Nadal, adornando o abeto, e rematando con unha gran cea para todos os alumnos do centro, no que a comida non conta con carne, e no que os pratos principais son a sopa de remolacha, cogomelos e diferentes tipos de peixe. Rematando a festa con cantos, e recitando versos da Biblia.

Os nosos veciños de Albacete, contribuíron subindo imaxes das súas postais, e presentándonos algúns dos costumes do seu lugar, como son facer “Beléns” con figuriñas, tomar as doce uvas quince segundos antes do remate do ano, as decoracións das súas rúas, a creación de bonecos e o adorno das árbores.

Dende Cataluña, ensinannos os seus costumes que son bastante peculiares, como son imaxes dos “Caganers”, que son pequenos bonecos que representan unha persoa facendo as súas necesidades. Os pratos cataláns por excelencia para os días de Nadal, son a sopa de caracois é o turrón.

Por último contar a contribución dos nosos compañeiros de Reino Unido, que nos amosan como decoran as rúas con fotos, as comidas que máis se consumen nesa época como é o pudín e o polo recheo, e nos ensinan panxoliñas como “Jingle Bells”.

Rubén de la Fuente Suárez

Alumno de 1º Bacharelato e 1ºSMR do IES San Clemente

39/03/12